

**Dirección Xeral de Formación Profesional e
Ensinanzas Especiais**

**Probas de acceso a ciclos formativos
de grao superior**

Parte xeral

Lingua estranxeira: inglés

Índice

1.Formato e duración.....	3
2.Exercicio	3
3.Criterios de avaliación e comentarios	6
3.1 Criterios que se empregan no exercicio.....	6
3.2 Criterios que se empregan no exercicio modificando o procedemento base.....	7
3.3 Criterios excluídos do exercicio.....	7
4.Solución completa con pautas de corrección e de puntuación	8
Pregunta 1.....	8
Pregunta 2.....	8
Pregunta 3.....	8
Pregunta 4.....	8
Pregunta 5.....	8

1. Formato e duración

A proba consta dun texto de varias liñas. Deseguido aparecen as cinco preguntas das que consta o exame, sempre referidas ao texto precedente.

Todas as preguntas deben ser contestadas en inglés. Cada pregunta leva indicada a súa puntuación.

As preguntas 2, 3 e 4 subdivídense en apartados: neste caso indícase a puntuación de cada apartado.

A duración do exercicio é dunha hora.

2. Exercicio



Proba de

Código

CSPX032

Lingua
estranxeira:
inglés

Control

Poña aquí a etiqueta
de control do exame

(código só en letras)

Lingua estranxeira: inglés



PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR
Convocatoria ordinaria: xuño de 2004

Parte xeral
LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
[CS.PX.032]

PÁXINA 1/1

Read the text below and then answer the questions in English

The streets of Manhattan are full of people with places to go to, angry motorists and endless traffic jams. Even the highways leading onto the island are congested during rush hour. That's why most commuters use the Subway – it's the fastest way of getting to work and the best way to get around New York, apart from walking. There are over 400 stations all over the city and you can get anywhere you want.

The Subway runs 24 hours a day. However, one must be careful because some routes only run at certain times of the day. Also, they close some of the entrances at night for reasons of safety. There's a green light outside the Subway entrance at night that tells you which ones are open.

The only time to avoid the Subway is during rush hour. Most businesses in New York City are on the island of Manhattan, but nearly everyone lives in other boroughs, such as Brooklyn, Queens and the Bronx. This means that every morning thousands and thousands of people are trying to get to work. The best thing is to avoid the rush hour and do your sight-seeing between 10 in the morning and 4 in the afternoon.

Once you're in the Subway after buying your ticket, you can change trains as many times as you like. Be careful because there are two types of train: the express trains, which only stop at major stations; and the local trains, which stop at every station. Also, there are over 20 different lines so it can get confusing. And some of them have different names too, as well as a colour and a number or letter. Basically, the train routes in Manhattan run uptown or downtown, following the great avenues. The downtown trains end up in the financial district.

(From Hot English Magazine, volume II, no. 10, adapted)

- 1. What is the text about?** [1,00 mark]
- 2. Answer the following questions about the text:** [2,00 marks: 0,50 each]
 - **If you see a green light outside a Subway entrance at night, what does it mean?**
 - **Why is it advisable to do your sight-seeing between 10 in the morning and 4 in the afternoon?**
 - **Why do so many people in New York have to use the Subway every morning?**
 - **Which train route must you take if you want to go to the financial district?**
- 3. Explain in English the meaning of the following words: “rush hour” - “commuter”.** [2,00 marks: 1,00 each]
- 4. Complete the following sentences using information contained in the text:** [2,00 marks: 1,00 each]
 - **New York Subway by commuters because**
 - **It is allowed to change trains as many times as you wish provided**
- 5. Write a text about an interesting place (city, town, etc) that you have visited, telling about the things that you saw and the people you met. Alternatively, you can write about a place that you would like to visit. (80 words)** [3,00 marks]

3. Criterios de avaliación e comentarios

3.1 Criterios que se empregan no exercicio

- Extraer a información global e específica de textos escritos emitidos en situacións de comunicación relacionadas coa realidade cotiá do alumnado, sobre aspectos culturais e sociais dos países onde se fala a lingua estranxeira, e sobre temas xerais relacionados cos seus estudos e intereses.
 - **Nota:** a aplicación deste criterio céntrase na captación da información xeral e específica referida a aspectos socioculturais dos Estados Unidos, neste caso as peculiaridades de utilizar os medios de transporte público na cidade de Nova York.
 - Este criterio valórase na pregunta 1 (extracción da información global) e nos catro apartados da pregunta 2 (extracción de información específica).
- Utilizar a lingua estranxeira redactando, coa axuda do material pertinente, textos escritos que esixan una planificación e unha elaboración reflexiva dos contidos para transmitir, coidando a corrección idiomática, a coherencia e a propiedade expresiva.
 - **Nota:** polas características desta proba é inevitable introducir aquí unha aplicación parcial deste criterio, eliminando o aspecto “coa axuda do material pertinente”.
 - Este criterio valórase na pregunta primeira no sentido de valorar a capacidade do alumno para resumir e sintetizar as ideas expresadas no texto. Valórase tamén na pregunta quinta, máis centrada nos aspectos da planificación e da elaboración reflexiva, así como na coherencia e na propiedade expresiva.
- Extraer informacións globais e as específicas previamente requiridas, de textos que aparecen nos medios de comunicación, sobre cuestións xerais de actualidade e aspectos das culturas asociadas coa lingua estranxeira.
 - Este criterio valórase nas preguntas 1 e 2 (apartados a, b, c, d).
- Utilizar reflexivamente os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos.
 - Este criterio valórase nun sentido máis restrinxido na pregunta 3 (apartados a, b) e na pregunta 4 (apartados a, b) en relación coa capacidade do alumnado para manexar estruturas gramaticais e sintácticas máis complexas ou un léxico máis especializado.
 - Tamén se valora este criterio no resto das preguntas nun sentido máis amplo, xa que a reflexión sobre os aspectos sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos é inherente á competencia comunicativa.
- Analizar, a través de documentos auténticos, algunhas manifestacións culturais no ámbito de uso da lingua estranxeira, desde a óptica enriquecida polas diferentes linguas e culturas que os alumnos e as alumnas coñecen.
 - Este criterio valórase nas preguntas 1 e 5, nas que se avalía a capacidade do alumnado para interpretar no texto algúns aspectos específicos característicos do medio sociocultural

da lingua estranxeira. Na pregunta 5, ademais, valórase a capacidade do alumnado para relacionar e comparar estes aspectos cos do seu propio medio sociocultural.

3.2 Criterios que se empregan no exercicio modificando o procedemento base

- Extraer de maneira autónoma, coa axuda do dicionario, a información contida en textos escritos (xornais, revistas, relatos, libros de divulgación, etc.) referidos á actualidade, á cultura en xeral e a aqueles temas relacionados con outras materias do currículo e os seus estudos futuros.
 - **Nota:** o procedemento modifícase no sentido de que se prescinde da axuda do dicionario (é un requisito da proba en si), pero é válido no sentido de que se avalía a capacidade do alumnado para comprender textos auténticos de interese xeral e de divulgación, así como se é quen de reelaborar e utilizar esa información na súa propia produción.
 - Este criterio valórase nas preguntas 1, 2, 4 e 5.

3.3 Criterios excluídos do exercicio

- Ler, coa axuda do dicionario e outros libros de consulta, textos literarios sinxelos e variados (novelas, poesía, teatro, etc.) relacionados cos intereses do alumnado, e amosar a comprensión cunha tarefa específica.
 - **Nota:** este criterio está centrado no traballo presencial na aula e non ten encaixe no actual formato desta proba.
- Utilizar as estratexias de aprendizaxe adquiridas, tales como consultas de dicionarios de varios tipos, gramáticas, gravacións e outras fontes para a resolución de problemas que xorden na comunicación ou no afondamento na aprendizaxe do sistema lingüístico e do medio sociocultural.
 - **Nota:** o formato da proba non permite a utilización de dicionarios, gramáticas ou calquera outra fonte.

4. Solución completa con pautas de corrección e de puntuación

Pregunta 1

- O alumno debe expresar en poucas palabras cales son as ideas principais que o texto pretende transmitir ao lector. Valorarase a capacidade de síntese e a propiedade expresiva. [1,00 punto]

Pregunta 2

- a) It means that the entrance is open. [0,50 puntos]
- b) Because if you travel during this period you avoid the rush hour. [0,50 puntos]
- c) Because most businesses are in Manhattan and most people live in other areas of New York, so they have to travel to Manhattan to work. [0,50 puntos]
- d) You must take a downtown train if you want to go to the financial district. [0,50 puntos]

Pregunta 3

- a) the time when everyone is going to work or leaving work. [1,00 punto]
- b) a person who travels into a city to work each day. [1,00 punto]

Pregunta 4

- a) New York Subway is used by commuters because it is the fastest way of getting to work. [1,00 punto]
- b) It is allowed to change trains as many times as you wish provided you have bought a ticket. [1,00 punto]

Pregunta 5

- Terase en conta a comprensión, a expresión e a corrección na escrita. O corrector valorará se o alumno é quen de comunicarse de xeito efectivo, de modo que responda de maneira coherente, cunha ordenación lóxica na exposición de ideas, amosando variedade no uso de vocabulario ao tempo que emprega unha expresión gramatical correcta nas respostas, de xeito que o lector obteña unha mensaxe axeitada á finalidade da composición. [3,00 puntos]

Penalizaranse:

- Erros básicos ortográficos e gramaticais: ata 1,50 puntos.
- Erros na estrutura das oracións: ata 0,50 puntos.

- Transcricións literais de fragmentos do texto: ata 0,50 puntos.
- Uso reiterativo de palabras ou estruturas, sen uso de parágrafos: ata 0,25 puntos.
- Efecto negativo e confuso na mensaxe: ata 0,25 puntos.